

[Empty dashed box for writing]

[Empty dashed box for writing]



[Empty dashed box for writing]



## A alegría de sentirnos perdoados



### ● Prodúcenos alegría sentirnos perdoados.

E tamén nos produce máis alegría perdoar ca vivir pensando en como vingarnos dos que se portaron mal connosco.



Cando facemos algo malo a outra persoa, ¿que nos gustaría que pasase?

¿Por que?

- ¿Que nos castigasen?
- ¿Que nos corrixisen?
- ¿Que non se decatasen?
- ¿Que nos perdoasen?
- ¿Que nos chamasen a atención?



Recorda algunha ocasión na que che perdoaron algo malo que fixeches:

- ¿Por que o fixeches?
- ¿Cando che perdoaron?
- ¿Como te sentiches?



Cando alguén nos fai algo malo a nós, ¿como reaccionamos? Sinala verdadeiro ou falso segundo sexa en cada caso.

	V	F
Tratamos de vingarnos.		
Procuramos facerlle dano.		
Perdoámoslle.		
Falamos mal del.		
Buscamos que o castiguen.		
Seguímos sendo os seus amigos.		



- Xesús coa súa Palabra anúncianos como se comporta Deus cos pecadores e con todos os que sofren.



- Xesús, coa súa vida e o seu comportamento, ensínanos que Deus Pai non quere condenar ao pecador senón salvalo e curalo do seu pecado:

- 

- 

- 





## ● A parábola do fillo pródigo



Le o texto de Lucas 15,11-32 e responde a estas preguntas coa axuda do Catecismo nas páxinas 108-109:

- ¿Quen son os personaxes que aparecen nas viñetas?
- ¿Que palabras pronuncian? ¿Que accións realizan?
- ¿Que fai o pai para demostrarlle ao seu fillo que lle perdoou?

## ● A historia de Zaqueo



Le o texto de Lucas 19,1-10 e responde a estas preguntas sobre Zaqueo:

- ¿Que pecado cometera?
- ¿Arrepentíuse do seu pecado?
- ¿Como se comportou con Xesús?
- ¿Que fixo Xesús?

